

Estimadas familias:

Estimadas familias:

Dadas as circunstancias excepcionais nas que nos atopamos e para normalizar o máximo posible esta situación, dámosvos algunhas recomendacións que podeades levar a cabo no día a día cos vosos pequenos e pequenas.

- Ler contos, deixando que eles sexan partícipes (escribir o título do conto, debuxar a escea que máis lle gustou...)
- Lectoescritura: buscar letras en revistas, contos, carteis, etiquetas de roupa...
- Números: contar obxectos habituais (froitas, xoguetes, camisetas...), ver números en etiquetas, números de teléfono, datas de caducidade... e traballar sinxelas sumas con pezas, animais, pinturas... Traballar sobre o calendario a data por escrito, como facemos habitualmente cada día.
- Plástica: recortar con tesoiras cousas de revistas, facer collage, plastilina, colorear con diferentes materiais, debuxo libre, facer algunha manualidade sinxela...
- Xogos de mesa: oca, dominó, puzzles, construcións...
- Atención e memoria: adiviñas, cancións, o xogo do vexo-vexo...

Recordade que nestes días o principal é que como nenos/as que son xoguen e descansan e gozan da vosa compañía e darlles autonomía nas tarefas diarias.

Desexamos que isto se resolva o antes posible e que as medidas adoptadas sexan as máis acertadas e poder así regresar ás aulas con total normalidade. Recordade que o principal e o máis importante é seguir as indicacións que desde os diferentes medios nos transmiten continuamente, **QUEDAR O MÁXIMO TEMPO POSIBLE NAS NOSAS CASAS.**

Moitas grazas pola vosa colaboración e so decirvos que estamos a vosa disposición para o que necesitedes (dubidas, ampliación de actividades...)

Un saúdo.

As muestras de Educación Infantil do CEIP de Arzúa.